

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE PERSOAS CON AUTISMO DE GALICIA, PARA O EQUIPAMENTO DO CENTRO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL CON ATENCIÓN DIÚRNA PARA PERSOAS CON AUTISMO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, esta consellería é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo, entre outras, as políticas de benestar social, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo Corona virus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentarse formalmente polos Estados,



moi tarde o 30 de abril.

O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia aprobou, con data do 30 de abril de 2021, o Acordo para a distribución dos créditos para o financiamento de proxectos de investimento das comunidades autónomas, e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do compoñente 22 relativo á “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No marco deste acordo, o 20 de agosto de 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo para a recuperación e resiliencia.

Este convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos cidadáns e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social, medida/investimento I1: Plan de apoios e coidados de larga duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía, submedida: transformación da rede de coidados de larga duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos do referido plan.

Neste marco resultan de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como o Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación, tras a crise da Covid-19 e o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Así mesmo, resulta de aplicación a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o



seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1296, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº. 966/2012.

O obxectivo deste convenio é financiar pola Consellería de Política Social e Igualdade a través da concesión directa dunha subvención a execución dun proxecto de investimento por parte a entidade Asociación de Pais e Nais de Persoas con Autismo de Galicia consistente no equipamento do centro de atención residencial que ten como obxectivo dar resposta ás demandas das familias de persoas diagnosticadas con Autismo con grandes necesidades de apoio .

No compoñente 22 inclúense entre outras as medidas de reforzar a atención á dependencia e promover o cambio de modelo de apoios e coidados de longa duración e un Plan de apoios e coidados de longa duración (desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía). Financiaranse centros de día innovadores e integrados na comunidade que permitan apoios e coidados na proximidade do domicilio, favorecendo tamén o seu desenvolvemento tamén en áreas rurais.

A xustificación é o investimento no equipamento para a posta en funcionamento do servizo de atención residencial con servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA).

A entidade Asociación de Pais e Nais de Persoas con Autismo de Galicia ofrece servizos e programas adecuados a cada etapa vital da persoa con TEA desde os 0 ata os 59 anos de idade: servizo de información e valoración, servizo de atención temperá, servizo de deseño de estratexias psicoeducativas, servizo de adestramento de habilidades persoais e sociais, servizo educativos, servizos de atención diúrna terapéutica, servizos de atención residencial, servizo de lecer e tempo libre.

Este servizo non conta con outras alternativas en organismos de carácter público nin privado que poidan atender ás necesidades específicas das persoas con TEA e as súas familias.



Todas a oferta de prazas distribúese no eixo atlántico das provincias da Coruña e Pontevedra cunha absoluta falta de recursos nas provincias de Lugo e Ourense.

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade coa entidade Asociación de Pais e Nais de Persoas con Autismo de Galicia a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados do equipamento do centro de atención residencial con atención diúrna terapéutica para persoas con trastornos do espectro autista no concello de Friol cunha capacidade de 48 prazas.

O Centro estará situado no centro urbano do Concello de Friol, na parcela situada en Polígono 124, Parcela 275, Friol, Lugo.

Trátase dun edificio de soto, planta baixa e dúas plantas altas. Está conformado como un bloque residencial no que a planta baixa aloxa os espazos comúns de uso público mentres que as plantas altas destínarase exclusivamente ao uso residencial e a planta soto a servizos e instalacións do propio edificio.

Na planta soto estará o garaxe, a lavandería, a cociña e os vestiarios do persoal.

A planta baixa destínase a servizos comúns, administrativos, enfermería, salón social, comedor, sala polivalente, sala de atención especial e aseos de uso público.

Considéranse actuación subvencionables o gastos derivados da execución do proxecto de investimento consistente no equipamento do centro de atención residencial para persoas dependentes cunha capacidade de 48 prazas situado no centro urbano do Concello de Friol:

En concreto, serán subvencionables :

- a) Adquisición de mobiliario
- b) Adquisición do equipo informático
- c) Adquisición de equipamento para o exterior
- d) Adquisición de enxoval



Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) e o imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO) relacionado coa concesión da licencia de obra, cando non sexan recuperables pola entidade solicitante.

Non serán subvencionables os gastos aos que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que a entidade Asociación de Pais e Nais de Persoas con Autismo de Galicia é a única que programa un proxecto de esas características no ámbito autonómico, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

Begoña Abeijón Fernández

